


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

31 de maio – 1 de xuño do 2025

FESTA DA ASCENSIÓN DE XESÚS AO CEO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ *nº 1 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Xa pasaron corenta días desde que celebramos a vixilia pascual, por iso compartimos esta semana a festa da Ascensión de Xesús.

No noso mundo “ascender” é quedar por riba dos outros, é superar aos demais, é ter poder...

No noso mundo ascender é competir, pero non é así para Xesús. Para El ascender é servir, é axudar a erguer, é dar unha man para a vida e a fe.

Hoxe para nós tamén é tempo de “ascensión”, porque queremos erguer a esperanza das persoas que están enfermas, queremos erguer un berro ben alto contra as armas, queremos erguer soños de paz, queremos erguer as nosas aldeas do rural, queremos erguer unha igrexa máis crible, queremos erguer unha natureza mellor coidada. Aquí está a nosa ascensión. Vivámola coa de Cristo sabendo que non nos deixa sos. Cantámoslle

♪ *nº 1 A Cristo cantamos*

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Recoñecemos agora que a nosa vida está chea de atrancos e medos que non nos deixan camiñar alegres e pesan no noso corazón. Para poder ser vida de Pascua temos que pedir perdón recoñecendo que non sempre somos cribles:*

Monitor/a

- ✓ Pedimos perdón polas veces que pretendemos estar por enriba de todos e de todo, e só nos preocupamos de nós mesmos. Señor, axúdanos a erguernos
- ✓ Pedimos perdón polas veces que non miramos polas persoas que necesitan unha man para erguer as súas vidas. Cristo, axúdanos a erguernos
- ✓ Pedimos perdón polas veces que nos deixamos levar da violencia e damos pé a unha humanidade que asasina a paz. Señor, axúdanos a erguernos

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos concédenos o Señor o perdón dos pecados, a todos ábrenos os ollos á súa Pascua e a todos por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

🎵 **nº 3 Gloria**

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e necesitados de paz.*

(Silenzio)

Celebrante:

Deus de misericordia, fainos reloucar con alegría nesta festa da Ascensión de Cristo, na que tamén nós somos elevados onda ti, pois á gloria onda se adiantou el coma cabeza da Igrexa, tamén estamos chamados nós.

Pedímoscho polo noso Señor Xesucristo Resucitado que vive e reina contigo na unidade do Espírito santo, por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Os textos da biblia que hoxe proclamamos recollen a Ascensión de Xesús ao corazón do Pai. Pero ao mesmo tempo é o paso necesario para unha igrexa que necesita erguer e erguerse. Coa Ascensión de Xesús os discípulos atópanse coa encomenda de ser e dar exemplo do evanxeo. É agora a nosa responsabilidade. Escoitamos.*

Leccionario I-C páx 151 **Feit 1, 1-11** LECTURA

LECTURA DO LIBROS DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

O primeiro libro fíxeno, Teófilo, acerca de todo o que Xesús obrou e ensinou desde o comezo, ata o día que foi

levado ao ceo, logo de ter dado instrucións polo Espírito Santo aos apóstolos que escollera.

Aos mesmos que tamén se lles amosara vivo, con moitas probas despois da súa paixón, aparecéuselles durante corenta días e faláballes das cousas referentes ao Reino de Deus. E comendo con eles, encomendoulles que non se retirasen de Xerusalén, senón que agardasen a promesa do Pai que me escoitastes a min: porque Xoán bautizou con auga, mais a vós bautizarásevos co Espírito Santo, de aquí a poucos días.

Os que estaban reunidos preguntábanlle:

- Señor, é agora cando vas restablecer o Reino de Israel?

El respondeulles:

- Non vos acae a vós coñecer o tempo ou a oportunidade que o Pai fixou co seu propio poder. Pero recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e sereis as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaría e ata os confíns da terra.

En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitóullelo da súa vista. E estando eles fitando para o ceo mentres el marchaba, presentáronselles dous homes con vestidos brancos, que dixeron:

- Galileos, que facedes ollando para o ceo? Este Xesús que vos foi levado de entre vós ao ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.

Palabra do Señor

🎵 *nº 8 No colo da miña nai* **SALMO**

(en pé) *Leccionario I C páx 153 Mt 28, 16-20 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, os once discípulos fóronse para Galilea ao monte onde Xesús os citara. E véndoo, prostráronse ante el, anque algúns dubidaban. Xesús, achegándose, díxolles:

- Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. Ide, pois, e facede discípulos meus a todos os pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo; ensinándolles a gardar canto vos mandei. Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.

Despois levounos para fóra, a un lugar preto de Betania, e alí, erguendo as mans, bendiciunos. E mentres os bendecía, foise separando deles, e foi elevado ao ceo. Eles, despois de se prostraren ante el, voltaron para Xerusalén cheos de alegría. E seguían decote, no templo, bendicindo a Deus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





PALABRAS PARA UNHA REFLEXIÓN

"EU ESTAREI
SEMPRE
CON VÓS"

Gardamos un pequeno silencio

Xesús volve ao corazón de Deus (Ascensión) contando con nós para erguernos e erguer ás persoas que por unhas ou outras razóns se senten afundidas.

En que teño que erguer a miña vida?

En que podo dar unha man para erguer aos demais?

(en pé) **ACOLLIDA DA AUGA**

Celebrante: *Fai corenta días fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade de Os Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser a COMUNIDADE que dá unha man para erguer a cantos homes e mulleres se senten afundidos.*

Celebrante *Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante *Neste fin da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renunciemos ao mal porque queremos facelo mellor.*

Monitor/a

- Renunciades a crervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

Si, renunciemos

- Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

Si, renunciemos

- Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, e que aprecian a liberdade persoal e o individualismo por enriba da responsabilidade social e da comunidade?

Si, renunciemos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Xa acabando este tempo da Pascua, e deixándonos levar da man do RESUCITADO compartimos o credo dicindo* **SI CREEMOS**

Monitor/a:

Credes en Deus,
Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans
e que conta con nós para mellorar a vida?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
sempre atento para dar unha man,
e que nos quere dando vida á Pascua
co noso bo facer de cada día?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para doernos coa violencia,
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade,
acolledora, respectuosa e coidadora da terra
e da vida de todas as mulleres e homes
que non contan para ningún?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Poñamos as nosas pregarías nas mans de Xesús que nos dá a súa PAZ. Rezamos coa nosa oración da Pascua porque queremos axudar a erguer ás persoas que necesitan ascender na vida. Dicimos*

SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

✓ Señor, queremos erguer camiños de paz, porque nos doe e nos escandaliza a violencia e a morte que sementa Israel en Palestina. Oremos

✓ Señor, queremos erguer a vida dos nosos maiores nestas aldeas, aínda que haxa quen pensa as aldeas non son nada. Oremos

✓ Señor, queremos erguer a vida das persoas que xa non soñan a esperanza de que este mundo mellore. Oremos

✓ Señor, queremos erguer a igrexa de fogar, por iso rezamos por todas as persoas que por unhas ou outras razóns non poden acompañarnos. Oremos

✓ Señor, sendo crentes da Pascua, participamos hoxe da festa da Ascensión. Acóllenos no teu Reino cando remate o noso camiñar por estas terras. Oremos

Celebrante: *Señor Xesús, Ti disnos “Eu estarei con vós”. Grazas por ires diante preparándonos o camiño, ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Temos escoitado a Cristo que ascende ao ceo pero non nos deixa sos, por iso alentados polo seu Espírito rezamos a Deus Pai como o temos aprendido do mesmo Xesús:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: Temos escoitado moitas veces na nosa sociedade que o importante é competir e ascender. Hoxe festexamos a Ascensión de Cristo, e tendémoslle unha man a todas as persoas que necesitan erguer as súas vidas en camiños de paz, igualdade e dignidade. Fagámonos cribles compartindo as nosas mans de paz neste xesto de irmandade.

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos aquela primeira comunidade botou a andar querendo ser mensaxeiros da Boa Nova para todas as xentes.

Nós compartimos en comunidade como signo de que vale a pena dar unha man aos máis necesitados coa esperanza de que eles tamén poidan ascender a unha vida digna. Ditosos nós, irmáns, convidados a esta festa da Pascua do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 9 Acharte presente na vida**


4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, que a celebración que temos compartido, nos alente no esforzo por guiar os nosos pasos polos vieiros do teu reino, dando froitos dabondo para os demais, por Cristo que á túa beira e á nosa beira vive e reina Resucitado para sempre eternamente. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA

Que teñamos unha boa PASCUA, e o Señor nos bendiga †, nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

**Podémonos ir en paz.
Dámoslle grazas a Deus**